



PREGUNTAS FRECUENTES

Axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no marco do Programa comunitario *Erasmus +*, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2014/15..

1. Cando se publicou a orde de convocatoria?

A Orde do 2 de decembro de 2014 publicouse no DOG número 1 do 2 de xaneiro de 2015.

2. Onde está dispoñible o formulario de solicitude?

O anexo I (ED 417A) está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <http://sede.xunta.es/>

The screenshot shows the 'SEDE ELECTRÓNICA' (Electronic Office) of the Xunta de Galicia. The search bar contains the text 'ed 417'. Below the search bar, there is a table of 'Últimos publicados' (Recently published) with the following entries:

Últimos publicados	Más consultados	En prazo	Últimos días	Presentación electrónica
Prazo de presentación de solicitudes: Aberto todo o ano SA210B Acceso ao rexistro galego de instrucións previas.				
Prazo de presentación de solicitudes: 18/01/2015 - 18/02/2015 CT110B Bolsas de formación en materia de patrimonio móbil galego.				
Prazo de presentación de solicitudes: 18/01/2015 - 18/02/2015 CT211B Subvencións a Concellos de Galicia e ás súas entidades e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais.				
Prazo de presentación de solicitudes: 18/01/2015 - 18/02/2015 MR340A Subvencións para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios.				

3. Cando remata o prazo de presentación de solicitudes?

O prazo de presentación de solicitudes remata **o día 2 de febreiro de 2015**





4. Cal é o obxecto desta convocatoria?

Convocar, en réxime de concorrência competitiva, axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea e o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte no marco do programa comunitario *Erasmus +*.

5. Quen pode solicitalas?

Os estudantes das universidades do Sistema universitario de Galicia (en diante, *SUG*) e dos centros asociados da *UNED* en Galicia que participan no referido programa de mobilidade universitaria durante o curso académico 2014/15.

6. En que estudos hai que estar matriculado?

En estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos de graduado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, diplomado, mestre, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.

7. Que requisitos se deben cumprir?

- a) Ser cidadán/a da Unión Europea ou estranxeiro/a non comunitario/a con residencia legalizada no Estado español.
- b) Estar matriculado no curso 2014/15 en calquera das universidades públicas do *SUG* ou nos centros asociados da *UNED* nesta comunidade autónoma para realizar estudos universitarios oficiais conducentes aos títulos universitarios de graduado, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, diplomado, mestre, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico.
- c) Participar no programa de mobilidade universitaria con fins de estudos con autorización da universidade de orixe e ser beneficiario/a da axuda do programa *Erasmus +* xestionada polo Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (*OAPEE*) ou da *Erasmus.es* financiada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
- e) Non ter gozado desta axuda complementaria en convocatorias anteriores.

8. Pode solicitar esta axuda un estudante que resultase beneficiario en anteriores convocatorias?

Non, quedan excluídos desta convocatoria os alumnos/as que xa resultasen beneficiarios/as desta axuda en anteriores convocatorias.

9. Pode solicitar a axuda un estudante que curse un máster universitario oficial?

Non, esta axuda non vai dirixida ao alumnado de máster universitario. Vai destinada exclusivamente ao alumnado matriculado en titulacións de grao ou nas anteriores ensinanzas *LRU*.



10. En que período se realiza o programa de mobilidade para o que se solicita a bolsa?

Durante o curso académico 2014/15

11. Cal é o período máximo e mínimo do financiamento da estadia?

As axudas concederanse para estadias dun máximo de nove (9) meses e de un mínimo de tres (3) meses.

12. Cal é a contía da axuda?

A contía da axuda variará en función dos grupos de países determinados no programa *Erasmus +*:


- De 150 euros/mes para un país de destino do grupo 1.
- De 120 euros/mes para un país de destino do grupo 2.
- De 80 euros/mes para un país de destino do grupo 3.

13. Que países pertencen a cada un destes grupos?


Grupo 1 Países do programa con custos de vida superiores	Dinamarca, Irlanda, Francia, Italia, Austria, Finlandia, Suecia, Reino Unido, Liechtenstein, Noruega, Suíza
Grupo 2 Países do programa con custos de vida medios	Bélxica, República Checa, Alemaña, Grecia, Croacia, Chipre, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, Eslovenia, Islandia, Turquía
Grupo 3 Países do programa con custos de vida inferiores	Bulgaria, Estonia, Letonia, Lituania, Hungría, Malta, Polonia, Romanía, Eslovaquia, Antiga República Iugoslava de Macedonia

14. Cales son as formas de presentación da solicitude?

▪ **Tramitación en liña (vía electrónica):** a través do formulario normalizado ED 417A que se atopa dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.es>). Para a presentación a través da sede electrónica, admitirase o DNI electrónico ou calquera outro sistema de sinatura electrónica aceptado pola sede da persoa solicitante ou do representante legal.



- **Presencial (formato papel):** presentarse unha vez que se cubra o formulario en formato PDF dispoñible na sede (<http://sede.xunta.es>), presentarse asinado no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia e dirixirse á Secretaría Xeral de Universidades (Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela) ou ben a calquera dos centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 14 de xaneiro).



15. Se se opta por presentar a solicitude en formato papel, cales son os centros previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE do 14 de xaneiro) onde se pode entregar?

Estes centros son:

a) Oficinas de Rexistro Único e Información, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cuxos enderezos son:

- **Santiago de Compostela:** Edificio administrativo de San Caetano, s/n.
- **A Coruña:** Edificio administrativo de Monelos.
- **Ferrol:** Praza Camilo José Cela, s/n.
- **Lugo:** Edificio administrativo da rolda da Muralla, 70.





- **Ourense:** Edificio administrativo da avenida da Habana, 79.
- **Pontevedra:** Edificio administrativo Campolongo, Fernández Ladreda, 43.
- **Vigo:** Edificio administrativo Concepción Arenal, 8.
- **Santiago de Compostela:** Doutor Teixeiro, 26 entreplanta.
- **Ordes:** Rúa Xeneral Mola, s/n, Camiño de Piñeiro.
- **Vilalba:** Rúa Poetisa Carmiña Prieto Rouco, s/n.
- **O Barco de Valdeorras:** Praza Ramón Otero Pedrayo, 11
- **Lalín:** Rúa do Areal, 30, baixo.

b) Os rexistros de calquera órgano administrativo que pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio.

c) As oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.

d) As representacións diplomáticas ou as oficinas consulares de España no estranxeiro.

e) Calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

16. Cal é o procedemento que se ha seguir, se se presenta nunha oficina de Correos en España?

O envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folia do formulario (anexo I, ED417A) para garantir que a data de remisión sexa anterior á de peche da convocatoria. Deberá remitirse ao:

Rexistro Xeral da Xunta de Galicia

Edificio administrativo de San Caetano, s/n

15781 Santiago de Compostela

A Coruña

Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxería privados.

17. Se se está no estranxeiro cursando os estudos universitarios, e se se opta por presentar a solicitude en formato papel, que rexistros son válidos?

Dende o estranxeiro, os únicos rexistros válidos para os efectos de prazo son as representacións diplomáticas ou as oficinas consulares.

Noutro país non ten validez a certificación postal nin a notificación de recibo.

18. Cando se cobre a epígrafe “Na súa representación” do anexo I?

Esta epígrafe só se cobre se a solicitude (anexo I) é cuberta, asinada e presentada pola persoa que se designe como representante legal, é dicir, pola persoa que inste a solicitude en ausencia do solicitante e





no nome deste. Nese caso, o representante legal cubriría os seus datos na epígrafe “Na súa representación”, e asinaría a solicitude.

A sinatura da solicitude (anexo I) ten que cadrar coa identidade da persoa que apareza na epígrafe “Na súa representación”.

Xuntaríase tamén (-) o “documento de representación”, cuberto polo solicitante da axuda e dispoñible no seguinte enlace: <http://ficheiros-web.xunta.es/sede/PX001A-G.pdf>

Documento de representación:

Este documento ten que ser obrigatoriamente asinado pola persoa outorgante –solicitante representado– e pola persoa autorizada –representante do solicitante–.

19. Onde podo resolver as miñas dúbidas?

- Se son dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou se precisa máis información durante o proceso de obtención dos formularios, pode dirixirse ao 012 (teléfono de información) ou ao enderezo-e: 012@xunta.es.

- Se son dúbidas en relación coa convocatoria, ten que dirixirse a: orientacion.sug@edu.xunta.es.

- Se desexa resolvelas na propia consellería, debe dirixirse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral de Universidades, Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, no enderezo: Edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña.

- Se son consultas telefónicas, ten que dirixirse á Sección de Bolsas, do Servizo de Apoio e Orientación aos Estudantes Universitarios, nos teléfonos 981 54 54 31/33.

20. Que documentación se necesita achegar xunto co formulario de solicitude?

■ *Estudantes dunha das universidades do SUG:*

- Anexo I (modelo normalizado ED417A) debidamente cuberto e asinado.





■ *Estudantes dun centro asociado da UNED en Galicia:*

- Anexo I (modelo normalizado ED417A) debidamente cuberto e asinado.
- Credencial de *Erasmus +*
- Extracto do expediente académico onde deberá constar a nota media do expediente en base 10.

21. Cales son os trámites do procedemento ED417A?

Os trámites son:

- Presentación da solicitude dentro do prazo: **ata o día 2 de febreiro de 2015**.
- Publicación das listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación. Esta listaxe publicarase no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es), nas xefaturas territoriais e demais centros sinalados no artigo 7 da convocatoria.
- Resolución da concesión e denegación, que se publicará no *Diario oficial de Galicia* e no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

22. Queda fóra da convocatoria se non se presenta a solicitude en prazo?

Sí, hai que presentar en prazo (**data límite o día 2 de febreiro**) o formulario de solicitude (anexo I modelo normalizado ED417A), do contrario non poderá optar á axuda.

23. Unha vez publicadas as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación, de canto tempo se dispón para a reclamación ou a emenda das carencias ou das deficiencias detectadas na documentación achegada ante a Secretaría Xeral de Universidades?

O prazo máximo será de 10 días. Este prazo fixarase na resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se publiquen estas listas.

24. Onde se poden consultar as listaxes provisionais para a emenda de solicitudes e documentación?

Poden consultarse:

- No portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (www.edu.xunta.es), nos taboleiros de anuncios e nas xefaturas territoriais da citada consellería.
- Nas vicerreitorías de estudantes das tres universidades galegas UDC: http://www.udc.gal/goberno/equipo_reitoral/vice_estudantes_deporte_e_cultura/, USC: <http://www.usc.es/es/goberno/vrestudantes/> e UVIGO: <http://estudantes.uvigo.es>
- Nas oficinas de relacións internacionais das universidades da Coruña (http://www.udc.es/ori/index_ori.html) e Vigo (<http://internacional.uvigo.es/>) e na Oficina de Relacións Exteriores da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.usc.es/gl/perfis/internacional/>).



25. Como se distribúe a axuda?

Todos/as os/as solicitantes que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria e teñan a documentación completa no prazo sinalado recibirán a axuda económica establecida no artigo 4.3 da orde de convocatoria.

Unha vez distribuída a contía uniforme determinada no artigo 4.3 en función dos grupos de países determinados no Programa *Erasmus +* o orzamento restante dispoñible, se o houber, adxudicárase entre os/as solicitantes que posúan unha maior media no seu expediente académico, asignándose unha contía uniforme de 500 euros, ata esgotar o orzamento.

26. Cando se publica a resolución definitiva destas axudas?

A resolución da concesión e denegación das axudas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e no portal educativo desta consellería (www.edu.xunta.es).

27. Onde se ingresa o importe da bolsa?

Aboarase na conta bancaria indicada polo/a interesado/a.

28. Son compatibles estas axudas con calquera outra para o mesmo fin?

Si, son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que a conceda.